

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 21 de febreiro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e un de febreiro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Están presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora, Sra. Guarner González, e o titula da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(161).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 7 de febreiro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(167).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA NO SERVIZO DE EXPEDIENTES: 02/835, 02/903, 03/802, 03/423, 03/924,01/1026, 01/1071, 22/1140, 23/417, 21/586, 21/434

Examinados as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do concelleiro-delegado da Area de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

Dna. Encarnación Gallego Pérez. Expte 02/835
Dna. Amelia Casanova Vila. Expte 02/903
Dna.M^aCelia Fernández Núñez. Expte 03/802
D. Eduardo Pérez Fernandez Expte 03/423
Dna. Esmeralda Gil Cuña. Expte 03/924

D. Julian Sardón Villaverde. Expte 01/1026
Dna. Ramona Toubes Vidueiros. Expte 01/1071
D. Daniel Estévez Paz. Expte 22/1140
Dna. Luisa Vázquez Gulias. Expte. 23/417
Dna. Ramona Mariño Gómez. Expte. 21/586
Dna. Aurea Martínez Bastos. Expte. 21/434.

3(168).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE VIGO DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 11278/301/05.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social do 14.02.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a solicitude de subvención solicitada á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ao amparo e de conformidade coa Orde de 29 de decembro de 2004, para a prestación de Servizos Sociais de atención primaria polo Concello de Vigo ao longo do ano 2005, o importe do cal ascende a un total de 3.192.317,98 euros.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, de acordo co artigo 8º da Orden citada.

4(169).- PROGRAMACIÓN INICIAL DE OBRAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO POLO PROGRAMA BIAL. EXPTE. 3022/77.

Examinadas as actuacións dos expedientes, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local Emprego, conformado pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O BIAL é un programa que ten como obxectivo prioritario a integración socio-laboral das persoas beneficiarias mediante a execución de obras e/ou prestación de servizos na cidade de Vigo, tendo como base a impartición/adquisición de formación teórico-práctica en prevención de riscos laborais, construción de obra pública, canteiría, xardinería, instalacións eléctricas, habilidades sociais, igualdade de oportunidades, educación medioambiental, alfabetización informática, orientación laboral e calquera outra formación complementaria adaptada ás necesidades curriculares específicas de cada persoa que se considere necesaria para a súa futura inserción socio-laboral.

Para que as persoas beneficiarias poidan acadar unha formación e experiencia laboral o máis ampla posible, o equipo técnico do BIAL pretende executar obras e/ou prestar servizos variados, que potencialmente favorezan o cumprimento dos obxectivos do programa. Ademais, o equipo é consciente de que as tarefas a realizar no programa deben ter unha utilidade clara para a cidadanía viguesa, é dicir, que axuden a mellorar diversos aspectos da cidade e/ou dos departamentos do seu Concello. Polo tanto, para un óptimo desenvolvemento do

programa, é necesario o xusto equilibrio destes dous factores: formación-experiencia e mellorar a calidade da cidadanía viguesa.

A primeira quenda de beneficiarios do BIAL contratouse con data 1 de febreiro deste ano que corre, e o día 18 deste mesmo mes, finalizan a súa formación inicial específica que contén os módulos de construción pública, canteiría, xardinería, instalacións eléctricas e prevención de riscos laborais. Hai que salientar que esta primeira formación que se lles imparte é moi básica, polo que ata que se formen nos distintos postos de traballo, durante un período aproximado duns dous-tres meses, realizaránse traballos sinxelos e transcurrido este período poderanse levar a cabo obras de maior envergadura e cun maior rendemento.

Así, dados os condicionantes propios do programa e as características dos/as traballadores/as participantes, fundamentalmente no referido á capacidade inicial de traballo e execución de obras, o equipo de técnico considera que nun principio deberanse realizar obras ou servizos sinxelos adaptados á formación inicial dos beneficiarios, en lugares que non ocasionen problemas de tráfico nin entorpezan os viais moi transitados; e que permitan habilitar, ó mesmo tempo ós devanditos beneficiarios para o desempeño de tarefas dun grado de complexidade adaptado á formación e a experiencia que paulatinamente vaian adquirindo. Só deste xeito, consideramos que se pode mellorar o grao de ocupabilidade laboral posterior dos beneficiarios do BIAL.

Ademáis, pola falta de vehículos de transporte disponibles necesítase coordinar o transporte do persoal laboral fixo e do persoal do programa, de forma que se considerou xunto coa Xerencia do Parque Central de Servizos poder axilizar o transporte das brigadas dende o Parque Central ata as distintas obras e viceversa, mediante o establecemento do horario laboral distinto, quedando do seguinte xeito: de 07:30 a 14:45 h e de 07:30 a 13:45 h no verán.

Engadir, ademais que para o cumprimento do RD. 1627/1997 de 24 de outubro haberá que realizar dependendo do caso, obras con proxecto: Estudo e Plan de Seguridade e Saude e o nomeamento do coordinador; e para as obras nas que non se precise proxecto, haberá que realizar unha avaliación de riscos dos traballos a executar e a contratación dun técnico competente para o seu seguimento.

Para rematar, as obras propostas para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local son as que a continuación se relacionan, indicando o departamento que as propón.

Achéganse, tamén, copias das solicitudes propostas polos distintos departamentos. As que non son acometidas inicialmente, poden ser acometidas, nalgúns casos, con posterioridade, en base ó exposto neste informe.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Aprobar a programación inicial de obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, para o seu inicio no primeiro trimestre coas brigadas da primeira quenda.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(170).- SOLICITUDE DO APA DO CEIP SOBREIRA –VALLADARES DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR SOBREIRA-VALLADARES O DÍA 6.03.05. EXPTE. 5122/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 25.01.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ao APA do CEIP Sobreira-Valladares a celebrar o vindeiro día 6 de marzo de 2005 o Cross escolar Sobreira-Valladares que recorrerá nas instalacións do colexio e arredores, entre as 9:30 h. e as 13:30.h.

6(171).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES JOSE MANUEL ESTEVEZ S.L. CONSTITUÍDA PARA SINALIZACIÓN DE RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA PARA OBRA. EXPTE. 70550/210

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 16 de abril de 2002 por PROMOCIONES JOSE MANUEL ESTEVEZ, S.L, con CIF B-36.759.637, por un importe de 600 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar na sinalización con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI MARGALL, 49, por non producirse danos na sinalización.

7(172).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA QUE SE ATOPAN NO DEPÓSITO DE AVDA. DE MADRID. EXPTE 70584/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe proposta da técnica de Admon. Xeral, do 16.02.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación que de seguido se transcribe, para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retiralos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo Concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 6 / 2004

M-5853-IV

FORD FIESTA 1.1

EXPEDIENTE : 7 / 2004

PO-3413-AV

ROVER 220 COUPE

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 8 / 2004

01565501	SUZUKI ADREESS
05900E	HONDA YUPI
14531	HONDA NSR 80
3-BCL40-72	HONDA VISION
53480	RIEJU VERDE
SIN NADA	HONDA SFX - 04S08447
SIN PLACAS	MINIMOTO - 04I09013
VTMAF37GOVE2126	HONDA SFX - 04I09010
A-6193-AG	FORD FIESTA 1117
AV-8647-F	FORD ESCORT
B-1213-IZ	VOLKSWAGEN GOLF 1 8
B-3792-NL	SEAT TOLEDO 1 8
BI-3166-AH	OPEL CORSA TR 1 2
C-7378-AK	RENAULT R21 TXE
C-3671-AT	FIAT TIPO I 16V
C-8923-BCR	APRILIA RS 50
C-5224-BDY	PIAGGIO ENERGY MC2
C-7840-BFF	PIAGGIO NGR RST
C-2156-BFL	YAMAHA CY 50
C-1975-BFN	PIAGGIO VESPA 50
C-2230-BFR	PIAGGIO TYPHOON 50
C-8533-BFT	APRILIA SR 50 AGUA
C-2697-BGF	PIAGGIO
C-0370-BHB	PIAGGIO ZIP AGUA
C-0449-BHB	PIAGGIO NGR F L
C-6484-BHD	PIAGGIO ZIP AGUA
C-5817-BHJ	SUZUKI AH 50
C-3746-BHV	APRILIA SR 50 AGUA
C-9602-BJT	PIAGGIO ZIP AGUA
C-6327-BJV	PIAGGIO TYPHOON 50
C-6858-BJY	PIAGGIO MC2 98
C-2613-BKJ	PEUGEOT TREKKER
C-9321-BKP	PIAGGIO NTT
C-8300-BKV	APRILIA AREA 51
C-1266-BLJ	DERBI ATLANTIS
C-3634-BMX	APRILIA GULLIVER
C-7242-BPF	YAMAHA YN50
M-5760-IU	FORF FIESTA 1.1
M-4984-LW	SEAT TERRA 1.3 D
M-2142-NF	RENAULT 19 CABRIOLET
M-3768-OX	CITROEN C15 E
OR-6333-L	SEAT IBIZA 1 2
OR-7002-P	PIAGGIO HEXAGON 150

PO-5291-J	SEAT 124
PO-9881-P	RENAULT R-4 F6
PO-4385-S	SEAT FIAT PANDA 35
PO-8628-T	RENAULT R-18 GTD
PO-3285-U	FORD FIESTA 957
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
PO-1893-X	FORD ESCORT 1 4
PO-6303-X	VOLKSWAGEN SANTANA
PO-7050-X	RENAULT R-21 TXE
PO-8503-X	RENAULT R 21 TXE
PO-6224-Y	FIAT REGATA 70
PO-7959-AB	FORD FIESTA 1 1
PO-3142-AC	FORD ORION 1 6
PO-7094-AC	OPEL KADETT 1 3 S
PO-8839-AF	SEAT MALAGA 1 2
PO-0527-AG	FORD ORION 1 8
PO-3537-AG	KAWASAKI GPX 600 R
PO-8559-AG	PEUGEOT 205 GR
PO-1938-AJ	PEUGEOT 205 PLUS
PO-3342-AK	CITROEN C15 RD
PO-9598-AM	YAMAHA 3 PE
PO-1035-AP	CITROEN AX 1.1 TRE
PO-5289-AP	RENAULT EXPRESS 1 4
PO-7239-AP	HONDA NSR 75 F
PO-7125-AS	ROVER 214 GSI
PO-3840-AU	RENAULT R-19 1 8
PO-4825-AU	CITROEN AX 1 4 D
PO-1223-AV	SEAT TOLEDO 1 8 INY
PO-0080-AX	SEAT MARBELLA
PO-4597-BB	RENAULT EXPRESS 1 4
VA-2466-L	VESPA 200 DNN
VIG-1980-	PEUGEOT ST

EXPEDIENTE : 9 / 2004

C-4693-BDW	DAELIM MESSAGE MSG
CA-2428-Y	PEUGEOT 405 1.9 I
OU-5085-V	VOLKSWAGEN GOLF
PO-4096-Z	CITROEN BX GRIS
PO-6392-AK	VOLKSWAGEN POLO
PO-0860-AS	FORD COURIER 1.8
PO-7201-BF	OPEL KADETT 1.6 D

EXPEDIENTE : 1 / 2005

C-8978-BHS	PEUGEOT ZENITH
PO-1590-N	RENAULT R-18

TOTAL VEHICULOS : 85

8(173).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS MEDIANTE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE MULLER DURANTE O ANO 2005. EXPTE 1971/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 9.02.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2004, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e publicada no DOGA núm. 7, do 12 de xaneiro de 2005, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 421.301,24.- Euros, desglosado do seguinte xeito:

Departamento da Muller (Oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller) Gastos de persoal.....	114.490,25 .- Euros
Casa de Acollida de Mulleres e piso tutelado (gastos de persoal e mantemento)	169.777,43.- Euros
Servicio de atención domiciliar da Infancia/SADICanguros.....	80.939,10.- Euros
Plan Municipal contra la violencia de xénero.....	44.074,22.- Euros
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida.....	12.020,24.- Euros

TOTAL:	421.301,24 .- Euros

2º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación.

9(174).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO MÓBIL DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 17201/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 1.02.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de xuventude deste Concello, remiten o expediente de contratación de prestación do servizo de Información Xuvenil, para que se formule a proposta correspondente de revisión de Prezos do contrato.

O servizo de Ludoteca da Casa da Xuventude e Pabillón de Coia, foi adxudicado a empresa XOMA, Iniciativas Sociales, S.L., foi adxudicado pola Comisión de Goberno deste Concello en sesión celebrada o 22 de xaneiro de 2001, por un importe de 68.214,88 euros/ano, por un prazo de dous anos, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación, podéndose prorrogar por periodos anuais hasta un máximo de dúas prorrogas sempre que medie acordo expreso do organo de contratación.

A segunda prorroga das previstas no clausulado do prego de condición administrativas, foi aprobada pola comisión de Goberno en data 2 de febreiro de 2004, por un prezo sen revisar para o ano 2004 de 73.568,50 euros, polo periodo que media entre o 1 de marzo de 2003 e o 29 de febreiro de 2004.

A revisión de prezos do contrato está prevista na clausula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:

“ Procederá a primeira revisión de prezos do contrato transcurrido un ano da execución do contrato. A primeira revisión de prezos recollerá a variación experimentada polo IPC nacional, no periodo que media entre a data de revisión experimentada polo IPC nacional, no periodo que media entre a data de revisión e a da apertura de proposicións económicas. Esta variación aplicaráselle os prezos ofertados polo licitador.

As seguintes revisións efectuaranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediata anterior”.

Segundo o exposto anteriormente a revisión de prezos do contrato tería efectos dende o 1 de marzo de 2004, e recollería o incremento do IPC producido entre marzo de 2003 e marzo de 2004, que segundo datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística, ascende a 2,1%, que aplicado o prezo actual do contrato nos dá a cantidade de 75.113,44 euros/ano.

A vista do anterior, proponse á Xunta de Goberno Local deste Concello, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo móbil de información xuvenil, adxudicado a empresa XOMA, Iniciativas Sociales, S.L., por acordo da Comisión de Goberno de data 22 de xaneiro de 2001, prorrogado en sesión de data 2 de febreiro de 2004, polo periodo de 1 de marzo dese ano a 29 de febreiro de 2005, e establecer o prezo do mesmo en dito periodo, na cantidade de 75.113,44 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

10(175).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN XUVENIL. EXPTE. 17203/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.02.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de xuventude deste Concello, remiten o expediente de contratación de prestación do servizo de dinamización xuvenil, para que se formule a proposta correspondente de revisión de Prezos do contrato.

O servizo de dinamización xuvenil foi adjudicado a empresa Algalia, S.L., pola Comisión de Goberno deste Concello en sesión celebrada o 22 de xaneiro de 2001, por un importe de 46.745,38 euros/ano, por un prazo de dous anos, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adjudicación, podendo prorrogarse por períodos anuais hasta un máximo de dúas prorrogas sempre que medie acordo expreso do órgano de contratación.

A segunda prorroga das previstas no clausulado do prego de condicións administrativas, foi aprobada pola comisión de Goberno en data 2 de febreiro de 2004, por un prezo sen revisar para o ano 2004 de 50.365,48 euros/ano, polo período que media entre o 1 de abril de 2004 e o 31 de marzo de 2005.

A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:

“ Procederá a primeira revisión de prezos do contrato transcurrido un ano da execución do contrato. A primeira revisión de prezos recollerá a variación experimentada polo IPC nacional, no período que media entre a data de revisión experimentada polo IPC nacional, no período que media entre a data de revisión e a apertura de proposicións económicas. Esta variación aplicaráselle os prezos ofertados polo licitador.

As seguintes revisións efectuaranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediata anterior”.

Segundo o exposto anteriormente a revisión de prezos do contrato tería efectos dende o 1 de abril de 2004, e recollería o incremento do IPC producido entre marzo de 2003 e abril de 2004, que segundo datos facilitados polo Instituto Nacional de Estadística, ascende a 2,1%, que aplicado o prezo actual do contrato nos dá a cantidade de 51.423,16 euros/ano.

A vista do anterior, propónse a Xunta de Goberno deste Concello, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

“Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo móbil de información xuvenil, adjudicado a empresa ALGALIA, S.L., por acordo da Comisión de Goberno de data 22 de xaneiro de 2001, prorrogado en sesión de data 2 de febreiro de 2004, polo período de 1 de abril dese ano a 31 de marzo de 2004, e establecer o prezo do mesmo en dito período, na cantidade de 51.423,15 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11(176).- CESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA PRAZA DO BERBÉS. EXPTE. 17028/240

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación do 8.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Polo Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca, solicítase a este concello mediante escrito de data 6 de agosto de 2004 autorización municipal para contratación con terceiras persoas (Técnica de Aparcamientos Urbanos,S.A.) a explotación e xestión do aparcamento subterráneo da Praza do Berbés que en réxime de concesión administrativa lle foi adxudicada á solicitante.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- O Pleno municipal en sesión do 1 de marzo de 1999 aprobou definitivamente o proxecto de urbanización “Ordenación Praza do Berbés” e prego de condicións da concesión administrativa do aparcamento subterráneo.

Conforme a cláusula primeira do prego de condicións, éste ten por obxecto a concesión do dominio público municipal ó Consorcio da Zona Franca de Vigo no subsolo da praza do Berbés, para a construción e explotación dun aparcamento subterráneo, nos termos e condicións que se fixan no propio prego.

Segundo.- En relación á autorización interesada polo Consorcio da Zona Franca e que ten por obxecto a facultade desta de concertar con terceiras persoas a xestión e explotación do aparcamento subterráneo anteriormente referido, que en réxime de concesión administrativa lle foi outorgada, procede sinalar que de conformidade co disposto na cláusula III “cesión do dereito da concesión “ do prego rector, a explotación e xestión do aparcamento subterráneo que corresponde plenamente ó Consorcio, facultalle a éste efectua-la directamente ou noutro caso, por contratación ou cesión a terceiras persoas, sen que en modo algún poida supoñer a transmisión da concesión, titularidade que deberá manter en calquera caso (cláusula X. 2.a).

Terceiro.- A cesión total ou parcial da construción e/ou explotación do aparcamento require, dacordo co disposto no apartado 2 da devandita cláusula III o cumprimento dos seguintes trámites: Autorización municipal previa; formalización da cesión en escritura pública; e inclusión dunha cláusula expresa da extinción dos dereitos cedidos ó vencemento do prazo contraactual inicial, con reversión das obras e instalacións ó concello sen dereito de indemnización algunha.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade coas competencias que lle son atribuídas pola LRBRL no seu artigo 127.1.f, tra-las modificacións introducidas por Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local.

Por todo o anteriormente exposto á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar ó Consorcio da Zona Franca de Vigo á contratación coa entidade Técnica de Aparcamientos Urbanos, S.A. da xestión e explotación do aparcamento subterráneo da Praza do Berbés, de acordo e con plena suxeición ó prego de condicións administrativas que rixen a concesión para construción e explotación do devandito aparcamento, e con reserva da titularidade da concesión administrativa a prol do Consorcio.

2º.- Requirir ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a remisión ó concello, de copia simple da escritura pública na que formalice a cesión, para coñecemento e comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para cesión de dereitos, no prego de condicións administrativas que rixen a concesión

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(177).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 7102/331

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 31.01.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de 28.01.2002 adxudicou o concurso para a xestión da Escola Municipal de Danza a D. Wenceslao Cabezas del Toro.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende o día un do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación. (notificado no mes de febreiro de 2001). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por anualidades ate un máximo de dúas.

Unha de estas anualidades xa foi prorrogada por acordo da Xunta de Goberno de 23-02-2004.

A técnica responsable do Servizo de Festas propón a prorroga do contrato xa que existe plena satisfacción co servizo prestado ata o momento..

A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a prórroga para o periodo comprendido entre o 01.03.2005 ó 28.02.2006 do contrato para a xestión da Escola Municipal de Danza adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro por acordo da Comisión de Goberno de 28.01.2001.

Acordo

A Xunta de Goberno local autoriza a prórroga proposta no precedente informe.

13(178).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE COMPRAVENDA PARA O ALLEAMENTO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DA PARCELA EDIFICABLE MUNICIPAL NO PERI 4 BARREIRO 2 EN LAVADORES- VIGO. EXPTE. 13700/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas económico-administrativas particulares asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, con data 3.02.05, o informe do titular da Asesoría Xurídica de data 16.02.05 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares de data 3.02.05 que rexerá o contrato de compravenda para o alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 BARREIRO 2, Lavadores (Vigo) para a construción de 100 vivendas de protección autonómica.

2º.- Convocar o procedemento negociado na forma prevista na cláusula 6 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares, indicando así mesmo que como prego de prescricións técnicas rexerá o aprobado por acordo do Pleno do Concello de 19.02.03.

14(179).-RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) M^a PILAR HERRERO HERNÁNDEZ. EXPTE 14440/240.DESESTIMADA

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 15.10.04, en relación coa reclamación de D^a M^a Pilar Herrero Hernández por danos persoais que sufriu nunha caída na rúa Fragoso polo mal estado das obras na devandita rúa; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 03.02.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 26.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dna. María Pilar Herrero Hernández por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial por non resultar probado o dano.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i)do devandito Regulamento.

b) RICARDO GONZÁLEZ VILLAR. EXPTE15132/240.DESESTIMADA

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.11.04, en relación coa reclamación de D. Ricardo González Villar por danos no seu vehículo cando derrapou na rúa Casiano Martínez debido á existencia de gravilla, sen que houbera sinal ningunha que o advertise, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe proposta da devandita técnica do 14.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación formulada por Don Ricardo González Villar por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ao non estar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

c) M^a TERESA LOMBA SIERRA. Expte. 16660/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.12.04, en relación coa reclamación de D^a M^a Teresa Lomba Sierra por danos persoais cando meteu o pé esquerdo nunha fochanca da beirarrúa da rúa Chao e sufriu unha caída que lle ocasionou unha escordadura no tornecelo esquerdo, visto o

dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.01.05 e de acordo co informe proposta da devandita técnica do 2.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, e a conformidade da Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación patrimonial interposta por Dª. María Teresa Lomba Sierra e indemnizala coa contía de 1.665,99 €..

2º- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

15(180).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Interventora Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno acorda devolver as seguintes fianzas ás empresas especificadas, xa que as obras, servizos ou subministracións foron prestadas conforme aos pregos de condicións que rexeron a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Horizonte S.L. a fianza por importe de 3.005,06 € constituída para responder da explotación da publicidade nas pistas de atletismo de Balaídos. Expte. 509/241.
- b) A Iturri, S.A. a fianza por importe de 3.260,99 € e 1.774,93 € constituída para responder de subministracións de vestiario para o persoal municipal. Expte. 549/241.
- c) A Anónimo Publicidad S.L. a fianza por importe de 1.172,86 € constituída para responder da edición de material promocional de Turismo. Expte. 1600/104
- d) A SIMCO, S.L. a fianza por importe de 6.950 €, constituída para responder do mantemento dos cemiterios municipais. Expte. 551/241
- e) A SERCOYSA Proyectos y Obras S.A. a fianza por importe de 9.210,67 € constituída para responder das obras de mellora de viais Lote C, que foron recibidas mediante acta de 19.12.03. Expte. 43415/250
- f) A IMES, S.A. a fianza por importe de 3.338,26 € constituída para responder das obras de reparacións e instalacións de alumeadado público que foron recibidas mediante acta de 11.08.03. Expte. 540/241

16(181).-PROPOSTA DE ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL DE OFICIOS QUE INTERVIU NOS TRABALLOS DE TRASLADO DA FAROLA SITA NA ALAMEDA DE EDUARDO CABELLO. EXPTE 15579/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Xerente do Parque Central de Vías e Obras, do 30.11.04, o informe do xefe da Unidade de Persoal do 31.01.05 e de acordo coa proposta do alcalde acctal. Sr. Iglesias Carrera, do 27.01.05, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer e aboar ao persoal que se relaciona no listado xunto no expediente, de 30.11.04, que comeza por D. José Manuel Martínez González e remata por D. Guillermo Abelleira Porrúa,

conformado pola concelleira de servizos xerais, os importes individuais que en concepto de complemento de produtividade se inclúen nos referidos listados, en atención ao desenvolvemento dos traballos extraordinarios derivados do traslado da farola da alameda Eduardo Cabello, polo especial rendemento e dedicación amosados nestes traballos.

A asignación deste complemento retributivo será compatible co devengo das gratificacións por serzos extraordinarios previstas no acordo regulador vixente polas horas en exceso de xornada de traballo que oportunamente se acreditarán no expediente que aos efectos se tramite.

Notifíquese o presente acordo á Unidade de Persoal, Intervención Xeral e Comité de Persoal, así coma ao Rexistro Xeral aos efectos da dúa debida exposición por prazo de dez días hábiles.

17(182).-CONTRATACIÓN DE TRES ASISTENTES SOCIAIS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE 15581/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.02.05 e os informes-proposta do Xefe da Unidade de Persoal do 26.0.15 e 14.02.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar dous contratos laborais temporais de diplomados en traballos sociais baixo a modalidade de acumulación de tarefas, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres), cos seguintes candidatos que figuran incorporados á lista de substitucións aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 29 de abril de 2002. :

- D^a. ANGELA GARCIA MARTIN, D.N.I. 07.850.781 F
- D^a. AURORA MURILLO DIAZ, D.N.I. 36.122.133 N.

2º.- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar un contrato laboral temporal de diplomados en traballos sociais baixo a modalidade de acumulación de tarefas, por un período máximo dun mes, non prorrogable, coa seguinte candidata que figura incorporada á lista de substitucións aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 29 de abril de 2002:

- D^a. YOLANDA FAJIN TORRES, D.N.I. 33.297.554 V

Con carácter previo á formalización dos correspondentes contratos as aspirantes deberán acreditar a correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida .

18(183).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PROGRAMA DE MANTEMENTO DOS SERVICIOS MUNICIPAIS DAS PRAIAS REALIZADOS DURANTE OS MESES DE DECEMBRO 2004 E XANEIRO DE 2005. EXPTE. 15586/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 3.02.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a aboar ao persoal que se relaciona no listado xunto no expediente remitido polo Sr. Xerente do Parque central, conformado polo concelleiro delegado desa area, de data 21 de xaneiro de 2005, os importes individuais que en concepto de complemento de produtividade se inclúen nos referidos listados, por importe total de 9.413 €, en atención ao desenvolvemento dos traballos de mantemento dos servizos de praias realizados durante a segunda e última fase do programa (meses de decembro de 2004 e xaneiro de 2005), aprobado por acordo da Xunta de goberno de 27 de setembro de 2004 .

19(184).-SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 40/05, RECAIDA NO PROCEDIMENTO NÚM. 906/04 SEGUIDO A INSTANCIA DE D. JOSÉ JULIO RODRIGUEZ GRANJA, SOBRE INVALIDEZ. EXPTE 15594/220. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 3.02.05, do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, recaída no procedemento nº 906/04 seguido a instancia de D. José Julio Rodríguez Granja, contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Mutua FREMAP e Concello de Vigo. Solicita na demanda que se lle recoñeza en situación de invalidez permanente no grao de parcial, con dereito ao percibo dunha indemnización equivalente a vintecatro mensualidades da súa base reguladora e condeando ás partes a estar e pasar por tal declaración. O Xulgado falla o seguinte:

“Desestimando a demanda interposta por D. José Julio Rodríguez Granja, contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, o Servizo Galego de Saúde, Mutua FREMAP e Concello de Vigo, absolvo a estes demandados de tódos os pedimentos da demanda.”

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

20(185).-MEMORIA ANUAL DO FONDO SOCIAL DO ANO 2004. EXPTE 15593/220.

Visto o informe do xefe da Unidade de Persoal, do 9.02.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a Memoria do Fondo Social correspondente ao ano 2004, por importe total de 300.506,05 €, nas axudas acordadas pola Comisión xestora, e que son as seguintes:

- Axudas socio-sanitarias:	177.888,00 €
- Axudas de estudos:	70.714,00 €
- Axudas especiais:	<u>22.761,00 €</u>

TOTAL GASTADO:	271.363,00 €
- Restan:	29.143,00 €
<u>TOTAL:</u>	<u>300.506,00 €</u>

21(186).- PRÓRROGA DE SUBSCRICIÓN ÁS BASES DE DATOS NEXUS E OUTRAS CON “LA LEY”. EXPTE 1/550.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables emitidos por Intervención Xeral, e de acordo co informe-proposta do Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga da susbcrición ás bases de datos “La Ley Nexus en Red + 1 acceso”; “4 Accesos concurrentes adicionales”; “Dat@ley internet” (aprobada pola Comisión de Goberno de 23.06.03 polo período de dous anos), por dous anos máis, por importe de 3.422 € para o ano 2.005, (IVE engadico), incrementándose no ano posterior co aumento do I.P.C., con LA LEY, C.I.F. A-08.627.333.

22(187).- PRÓRROGA DA SUBSCRICIÓN ÁS BASES DE DATOS CONSULTOR CON “LA LEY”. EXPTE 2/550.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables emitidos por Intervención Xeral, e de acordo co informe-proposta do Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga da susbcrición ás bases de datos “Consultor internet”; “BD Consultor En Red (5 puestos)”, (aprobada pola Comisión de Goberno de 23.06.03 polo período de dous anos), por dous anos mais, por importe de 1.211,04 € para o ano 2.005, (IVE engadido), incrementándose no ano posterior co aumento do I.P.C., con LA LEY, C.I.F. A-08.627.333.

23(188).- SUBSCRICIÓN POR DOUS ANOS A VARIAS BASES DE DATOS CON “LA LEY”. EXPTE 3/550.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables emitidos por Intervención Xeral, e de acordo co informe-proposta do Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, do 3.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a subscripción por dous anos prorrogables por outros dous ás bases de datos “BD formularios”; “BD bibliografía”; “Summa jurisprudencia”; “Nexus.com”; “BD act. Adva. Internet”; “Revista act. Adva. Internet”; “Práctica urbanística”; “Diario la ley +rpto. Mensual”; con LA LEY, C.I.F. A-08.627.333, por importe de 3.623,2 € para o ano 2.005; importe que se revisará anualmente en función do IPC.

24(189).-SUBVENCIÓN DE 5.000 € A MARINA DE EXPOSICIONES S.L. PARA ORGANIZACIÓN DO SALÓN VIGO NAÚTICA INTERNACIONAL 2005. EXPTE 1609/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 20.01.05, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 5.000€ (IVE engadido) á empresa MARINA DE EXPOSICIONES, SL., con CIF: B-36.928638, para contribuir aos gastos de organización do Salón “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL”, que terá lugar en Vigo no mes de marzo, con cargo á partida 7510 4700201 “Subvención de Actividades”, da Concellería de Turismo do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A citada empresa deberá incluír o logotipo de Turismo de Vigo en todo o material que se edite para a difusión deste evento, así como noutros soportes publicitarios como vallas, newsletters, páxina web do evento, catálogo oficial, etc.

3º.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita empresa de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade, así como o pagamento das taxas ou impostos que puidesen corresponder.

4º.- A empresa será a única responsable da organización da actividade, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade con terceiros por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º.- En canto ao cobro da subvención, éste estará supeditado ao cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para o ano 2003. Así mesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

25(190).- APROBACIÓN INICIAL DE BASES E ESTATUTO DO POLÍGONO 2 DO PLAN PARCIAL BARUXÁNS. EXPTE 4564/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 4.02.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 02/09/2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03.23.Baruxáns-B" (Bembrive) -Expte. 5823/411-. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 206, do 25/10/2002.

2º.- No 30/11/2004, o representante da entidade mercantil "Consulting Inmobiliario Vigovivienda SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dos Estatutos e Bases de Actuación e Estatutos de Entidade de Conservación do polígono "2" do referido Plan Parcial. Achegou ó efecto diversa documentación que foi rectificadora e completada con outra posterior presentada nos días 16/12/2004 e 21/01/2005, previo requirimento dos técnicos municipais.

3º.- No 31/01/2005 o arquitecto da oficina municipal de Planeamento emitíu Informe técnico, no que entrouros extremos constatou que, segundo os títulos aportados, a entidade mercantil solicitante representa máis do 50% da superficie do polígono.

Na última versión do proxecto corrixíronse varios artigos consonte co sinalado no citado Informe técnico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O procedemento para a constitución da Xunta de Compensación regúlase nos arts. 155 e 156 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). As entidades urbanísticas de conservación regúlanse no art. 110 LOUGA, parcialmente modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, e arts. 24 e ss. e 68 e ss. RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística.

Trala aprobación inicial dos Estatutos e Bases abrírase un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior difusión, así como notificación individualizada ós propietarios incluídos no polígono. A Xunta de Compensación deberá constituírse no prazo máximo dun mes desde a aprobación definitiva de estatutos e bases de actuación. Os propietarios non incorporados poderán ser obxecto de expropiación forzosa.

O contido do proxecto de Estatutos e Bases axústase ó disposto no art. 116 LOUGA, sen prexuízo do que resulte tralo trámite de información pública.

É competente para adopta-lo acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de Estatutos e Bases de Actuación e Estatutos de Entidade Urbanística de Conservación do polígono 2 do Plan Parcial 03-23 Baruxáns B. (expte. 4564/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós titulares catastrais e rexistrais do polígono. Para tal fin requírase da entidade mercantil promotora da actuación a aportación de nota informativa do Rexistro da Propiedade sobre a titularidade e cargas de tódalas fincas do polígono.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, coa abstención do concelleiro Sr. Comesaña Abalde, aproba a proposta contida no precedente informe.

26(191).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE POLÍGONO SITO NA AVDA. DE GALICIA-TEIS. EXPTE 4513/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Técnico de Administración Xeral, de Planeamento e Xestión que di o seguinte:

1.- *En data 30/01/1995 o Pleno do Concello acordou: "Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da Avenida de Galicia presentado por PANAMEX e redactado por D. Desiderio Pernas Martínez, coa seguinte particularidade: Deberá recuperarse o regato entubado e crear unha senda de 5 m. polo seu bordo, ademáis no seu fronte coa Avda. de Galicia preverase unha beirarrúa de 5 m. con arborizado (...)"*.

No 08/11/1996 aprobouse definitivamente o Proxecto de Urbanización do devandito ámbito.

No 24/08/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente a delimitación do Polígono de referencia, determinando como sistema de actuación o de compensación (Expte. 5834/411).

No 15/11/2001 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación dese ámbito (expte. 4257/401).

2.- *En data 26/02/2004, o representante da entidade mercantil "Inversiones Cota Mil SL" presentou nesta Administración municipal solicitude de modificación do Proxecto de Urbanización. Achegou ó efecto diversa documentación, que foi rectificada con outra posterior presentada no día 14/01/2005, previo requirimento dos servizos técnicos municipais.*

No día 04/02/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitíu un Informe favorable á modificación do Proxecto de Urbanización.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Esta modificación de Proxecto de Urbanización debe tramitarse de acordo co disposto no art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). En consecuencia, trala súa aprobación inicial, abrírase un período de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP e nun dos xornais de maior circulación na provincia, así como notificación individualizada ós propietarios do ámbito.

Asemade, deberá solicitarse informe da Administración autonómica de estradas.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Proxecto de Urbanización do polígono da Avda. de Galicia, promovida pola entidade mercantil "Inversiones Cotamil SL", con Memoria e Planos redactados polo enxeñeiro de camiños D. Eloy Fernández-Valdés, visado no 07/02/2004, 23/06/2004, 16/11/2004 e 31/01/2005 (expte. 4513/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia, así como notificación do seu contido íntegro ós propietarios do polígono.

TERCEIRO: Recábese informe da Administración de estradas da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

27(192).- RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE 4568/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 4.02.05, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Asemblea Xeral da Xunta de Compensación (XC) do polígono único do PERI II-05 «ROCÍO», acordou, na súa reunión do 20.04.2004, someter a información pública e audiencia de todos os afectados o Proxecto de Compensación (PC) segundo o disposto no Art. 157.3 da LOUGA, habilitando ó seu Presidente para a realización de todas as xestións necesarias a ese fin. A tal efecto, notificouse a todos os propietarios a apertura do trámite de exposición ó público e publicouse o oportuno anuncio no BOP nº 91, do 13.05.2004, con indicación do prazo de presentación de alegacións (20 días) e do lugar e horario para a consulta do documento do PC.

I.2. Na Asemblea Xeral extraordinaria desa XC, realizada o 12.11.2004, aprobouse, no punto núm. 2 da Orde do día, o informe-contestación ás alegacións presentadas -en número de oito- durante o trámite de información pública do PC e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.3. En sesión do 20.12.2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o PC do PERI II-05 «ROCÍO» (exp. nº 4520/401), nas condicións que no mesmo se indican, con estimación parcial dalgunhas das alegacións presentadas (as de Dª Mª Asunción, Dª Antonia e Dª Mª Josefa Vicente del Pazo, Dª Modesta Fernández Fernández, D. Antonio Arias Varela, Dª Amabelia Arias Varela, D. Manuel Ventura Fernández e D. Raimundo Iglesias Pérez) e desestimación doutras (as de «Picosur, S.L.» e de D. Manuel Rodríguez Pérez).

I.4. Mediante escrito de data 13.12.2004 (Correos), que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 14.12.2004 (nº doc. 40126636), a mercantil «Picosur, S.L.» formulou RECURSO DE ALZADA contra o acordo da XC adoptado na precitada Asemblea xeral extraordinaria do 12.11.2004, aprobatorio do informe-contestación das alegacións e do PC.

I.5. As deficiencias do escrito de recurso, relacionadas na notificación que lle foi practicada ó interesado o 20.01.2005, subsanáronse mediante instancia presentada por D. Jorge Manuel Costas Urtaza en data 01.02.2005 (nº doc. 50009104), co que se achegou a documentación solicitada.

I.6. Ó abeiro do disposto no artigo 112.2 da LRX-PAC e por oficio de data 22.12.2004, deuselle traslado do recurso ó presidente da XC a fin de que puidese alegar o que estimase procedente; o que así fixo mediante escrito presentado no Rexistro xeral da XMU o 01.02.2005 (nº rex. 50009466).

I.7. O 02.02.2005 remítese pola Oficina de Planeamento-Xestión o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLex.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Constitúe o obxecto deste recurso o acordo adoptado pola Asemblea Xeral da XC do PERI II-05 «ROCIO» realizada o 12.11.2004, en canto ó punto núm. 2 da súa Orde do día, relativo a: «Aprobación de la contestación de las alegaciones presentadas al Proyecto de Compensación expuesto al público y aprobación por parte de la Junta de Compensación del Proyecto de Compensación».

III.2. Pretende fundamentarse no disposto nos Artigos 115 da LRX-PAC e 17.G] e 46 dos Estatutos da XC e non se solicita a suspensión dos actos impugnados (art. 111 LRX-PAC e 45 Estatutos).

III.3. Na substanciación do recurso cumpriuse co previsto no Artigo 112.2 da LRX-PAC, dándosele traslado do mesmo á XC, sen que, por outra banda e para os efectos do Artigo 112.1 do mesmo texto legal, deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, determinantes noutro caso do preceptivo trámite de audiencia ós interesados.

III.4. Sen prexuízo de que, en rigor e consonte co propio Art. 115 da LRX-PAC invocado (por relación co Art. 107.1 LRX-PAC), o recurso podería ser declarado inadmisibile no que fai a impugnación do acordo de aprobación inicial do PC, por tratarse dun mero acto de trámite que non decide directa nin indirectamente o fondo do asunto nin impide a continuación do procedemento nin provoca indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, entendemos que -en calquera caso- debe desestimarse integramente porque o mesmo límtase a reproducir idénticos argumentos ós que figuraban na alegación presentada polo interesado durante o período de información pública do PC (Rexistro xeral XMU 04.06.2004; nº rex. 40058233); alegación que xa foi expresamente desestimada no acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución adoptado o 20.12.2004 pola Xunta de Goberno Local.

Así, sobre os argumentos reiterados agora neste recurso de alzada procedería significar tan só o seguinte:

- 1) «Incumplimiento de la obligación de convocatoria al Concello como Administración actuante»:

Constan no expediente as citacións ó Sr. concelleiro-delegado de Urbanismo para asistir tanto á reunión do Consello Rector do 29.10.2004 (doc. nº 40104764, do 18.10.2004) como á Asemblea Xeral celebrada o 12.11.2004 (doc. nº 40110541, do 02.11.2004). A súa inasistencia non determina, en contra do afirmado polo alegante, ningún vicio de nulidade ou anulabilidade do PC.

Por outra banda, esta Administración tivo ó seu dispór o documento do PC sometido a información pública, mesmo antes de que esta se producise; toda vez que un exemplar daquel foi presentado pola XC no Rexistro xeral da XMU o 03.05.2004 (nº rex. 40044291) en cumprimento do disposto na Base de actuación 12ª (Apdo. 10), segundo a que: «Antes de la aprobación inicial del proyecto de compensación y del sometimiento a información pública del mismo será remitida una copia del proyecto al Ayuntamiento de Vigo».

Nin existiu neste caso indefensión municipal ningunha nin, por outra parte, cabe recoñecer ó recorrente lexitimación para invocar hipotéticas indefensións de terceiros; o que vale especialmente para o manifestado por él no Apdo. 7 do seu escrito de recurso en relación coa parcela orixinal nº 24; cuxas incidencias, por certo, non afectaron nin ó resultado da reparcelación nin ós dereitos dos demais propietarios do polígono.

2) «Incorrecto cálculo de los porcentajes de participación»:

As incorreccións numéricas denunciadas no cálculo das porcentaxes de participación foron corrixidas no documento do PC aprobado pola Asemblea Xeral da XC do 12.11.2004 e posteriormente pola Xunta de Goberno Local.

3) «Incumplimiento del principio de equidistribución de beneficios y cargas»:

Nin o PERI II-05 «ROCIO» nin as Bases de actuación aprobadas estableceron coeficientes de ponderación en función das tipoloxías e usos previstos ou das concretas localizacións dos predios resultantes do proceso reparcelatorio. O PC aprobado atribúe igual valor ás dúas tipoloxías de uso residencial propostas (unifamiliar e colectiva) e no informe de contestación ás alegacións da XC xustifícase o anterior en función dos prezos de venta, custos de construción, proxectos, etc., citándose expresamente determinados precedentes administrativos que avaliarían tal equiparación. Tamén se apoia ésta na aplicación no PC -alomenos con carácter xeral- do criterio de proximidade dos predios adxudicados ás antigas propiedades (Arts. 116.1.g) LOUGA, 95 RXU e Base de actuación 12ª, Apdo. 7). O certo é que, fronte a eses argumentos, o interesado, agora recorrente, non achegou -nin entón nin agora- ningún dato ou elemento de xuízo que permitise a esta Administración verificar de forma indubitada a alegada diferenza de valor entre unha e outra tipoloxía edificatoria.

4) «Incumplimiento de las competencias del Consejo Rector»:

O Consello Rector da XC celebrado o 14.04.2004 aprobou a proposta de someter a información pública e audiencia dos interesados o PC, habilitando ó mesmo tempo ó seu Presidente para a realización de todas as xestións necesarias a tal fin, para a súa aprobación pola Asemblea xeral; proposta que foi ratificada na realizada o 20.04.2004.

Posteriormente, o mesmo Consello Rector, na súa reunión do 29.10.2004, acordou fixar para o 12.11.2004 a data de celebración dunha Asemblea xeral extraordinaria na que se debatiría precisamente, como punto 2º da orde do día, a: «Aprobación de la contestación de las alegaciones presentadas al Proyecto de Compensación expuesto al público y aprobación por parte de la Junta de Compensación del Proyecto de Compensación».

En definitiva, o PC foi aprobado polo órgano competente da XC (a Asemblea xeral: Art. 23.h] Estatutos) co quorum legalmente esixido (Arts. 155.6 e 157.3 LOUGA) e non se aprecia a concorrencia de ningún vicio ou irregularidade con trascendencia anulatoria ou causante duha hipotética indefensión material ó interesado.

- 5) «Cesión obligatoria a favor del Concello del 10% del aprovechamiento. Nulidad de pleno derecho de la venta anticipada a uno de los propietarios»:

O Concello de Vigo alleou mediante permuta de cousa futura o 10% do aproveitamento urbanístico do que era titular neste ámbito por disposición da lei (Art. 14.2.c] LRSV e Arts. 18.b] e 20.1.c] LOUGA). Así resulta dos acordos adoptados polo Consello de Xerencia da XMU do 07.02.2002 e o Pleno da Corporación do 25.02.2002 (que resultaron firmes) e da escritura pública de permuta autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, do 21.05.2002, co núm. 1113 do seu protocolo.

Esa porcentaxe de aproveitamento municipal concretábase con toda exactitude nunha parcela futura (pero determinada) no polígono único do PERI II-05 «ROCIO», cun aproveitamento urbanístico de 2.475 m2 e un valor estimado de 88.216.425 pts. (=530.191,39 €); datos que constan nos informes técnicos previos ós acordos precitados.

Por outra banda, no expediente administrativo municipal tramitado ó efecto (exp. nº 4225/401) quedou acreditada a utilización deste procedemento excepcional de alleamento dos bens do PMS e da concreta modalidade de «permuta de cousa futura» (Arts. 1271.1 e 1538 CC), a concorrencia dos supostos fácticos que o lexitimaban; entre eles, a xustificación da súa necesidade para o interese público, a correcta utilización dos bens integrantes do PMS conforme á normativa aplicable, a valoración técnica previa dos bens obxecto de permuta que acredite de forma fidedigna o seu prezo xusto e que a diferenza de valor entre eles non sexa superior ó 40% do que o teña maior, así como a observancia do procedemento legalmente establecido, incluída a oportuna comunicación ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Arts. 112.2 e 118 RBEL; Art. 155 LSG; Arts. 276.1 e 277.1 LALGA).

Unha vez consumado o alleamento do aproveitamento municipal a favor de «Compañía Viguesa de Pinturas, S.A.», conforme a unha valoración técnica nunca cuestionada, quedaban fóra do ámbito de disposición municipal as sucesivas transmisións producidas entre privados conforme ós prezos e condicións libremente fixados entre eles.

- 6) Os demais argumentos do recurso (p.ex. «Incumplimiento de los requisitos para el ejercicio del derecho de voto»; «Incumplimiento de la obligación de asignar derecho edificable a la finca de origen nº 24 aportada»; «Falta de justificación de la edificabilidad destinada a otros usos»), transcripción do exposto no anterior escrito de alegacións, deben ser tamén rexeitados con base nas mesmas razóns que motivaron a desestimación expresa deste, remitíndonos polo demais ó informe das alegacións dos asesores técnicos e xurídicos da XC e ó escrito desta do 01.02.2005 en relación co presente recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107 e 115 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte, acordo

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso de alzada interposto pola sociedade mercantil Picosur, S.L. contra o acordo adoptado pola Xunta de Compensación do polígono único do PERI II-05 ROCIO na Asemblea xeral extraordinaria realizada o 12.11.2004, polo que se aprobou o informe-contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública do Proxecto de

Compensación e o propio instrumento de equidistribución, cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación.

SEGUNDO: *Notificar o acordo á recorrente e á Xunta de Compensación, con indicación de que contra a resolución deste recurso no cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(193).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE DO POLÍGONO Nº 22 DO PERI DO CALVARIO. EXPTE. 9070/411.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 7.02.05, que di o seguinte:

FEITOS

En data 29/07/1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono 22 do Calvario (expte. 3679/411).

No 29/09/2000 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente unha primeira modificación do Estudio de Detalle, referida ás parcelas resultantes "B", "D", "E", "W" e "X" (expte. 5685/411).

No día 07/05/2004 o representante da entidade mercantil "Marber SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de nova modificación do Estudio de Detalle, esta vez referida ás parcelas "B", "D", "E", "W", "X", "C" e "L.21" do polígono. Achegou ó efecto diversa documentación, que foi rectificadora e completada con outra posterior presentada nos días 06/08/2004, 15/10/2004, 03/11/2004 e 29/11/2004, previo requirimento dos técnicos municipais.

No 07/02/2005 o arquitecto técnico municipal emitíu Informe sobre esta modificación do Estudio de Detalle na súa última versión. Nél fixo constar, entre outros extremos, o seguinte:

"O estudio de detalle presentado ten por obxecto ubicar nun soio sólido nas parcelas B, D, E e C da manzana B do polígono a edificabilidade resultante da parcela L-21 da manzana A, de tal xeito que a parcela citada L-21, se destíne a zona libre de uso de superficie (...). Coa solución proposta, e mantendo a edificabilidade prevista no proxecto de compensación, o sólido resultante dispón dunha menor ocupación sobre e baixo rasante, aumentando as superficies destiñadas a zonas libres. Coa proposta presentada diminúe a ocupación prevista para os sólidos en 47,49 m² e se crea unha superficie destiñada a zona libre de cesión de uso de superficie de 168,50 m², correspondente á parcela L-21. A altura do sólido da proposta é de sete plantas. En canto ó estado actual do polígono, se informa que as obras de urbanización do mesmo dispoñen da recepción das mesmas polo concello, acordadas polo Consello da Xerencia de Urbanismo de data 3 de outubro de 1997. Non consta na documentación do polígono 22, a disolución da xunta de compensación, (artigo 30 do RGU), polo que será necesaria a modificación do proxecto de compensación adaptado á reforma do estudio de detalle (...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A pretendida modificación do Estudo de Detalle debe cumprilo disposto no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tramitarase consonte co preceptuado no art. 86.2 LOUGA. En consecuencia, trala súa aprobación inicial abrirase un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia, con notificación ós propietarios do ámbito.

É competente para adoptalo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Estudo de Detalle do polígono 22 do Calvario, referida ás parcelas resultantes "B", "D", "E", "W", "X", "C" e "L.21", promovida pola entidade mercantil "Marber SL", con Memoria e Planos asinados polo arquitecto D. José A. Martín Curty, visados polo COAG no 23/11/2004. (expte. 9070/411).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG e nun xornal dos de maior difusión na provincia, así como notificación individualizada do contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(194).- DAR CONTA DOS INFORMES EMITIDOS POLO DEPARTAMENTO DE VÍAS E OBRAS REFERENTE AOS ANTEPROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DE APARCAMENTOS EN DISTINTOS PUNTOS DA CIDADE. EXPTE 40132772/0

En relación co asunto de referencia dáse conta do informe xurídico sobre os anteprojectos de aparcadoiros subterráneos en diversas rúas da cidade, emitido poloxefe dos servizos xurídicos da Área de Servizos Xerais, con data 8.02.05, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Con data 4 de xaneiro pasado o Sr. Secretario Xeral do Pleno remitiu ao Servizo de Vías e Obras os “Anteprojectos de aparcadoiros subterráneos a localizar na rúa Areal, Gran Vía e Policarpo Sanz”, para que se emitan os correspondentes informes técnicos e xurídicos.

O referido informe solicítase en relación cos anteprojectos que figuran na documentación adxunta á petición presentada a través do Rexistro Xeral do Concello con data 30 de decembro de 2004 por “Promociones Mecanocasa, S.L.” relativa a que “se teñan por presentados os proxectos de parkings públicos nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Gran Vía e o interese desta sociedade na súa construción e explotación”.

Lexislación aplicable.-

Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (L.B.R.L.); Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local, (T.R.R.L.); Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos

das Administracións Públicas, (L.C.A.P.); Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento da Lei de Contratos, (R.C.A.P.) e por último Decreto de 17 de xuño de 1955 que aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, (R.S.).

En base a anterior normativa emítese o seguinte informe xurídico:

Natureza xurídica do contrato.-

A natureza xurídica do contrato a que daría lugar a petición examinada no caso de ser admitida, sería a propia dun contrato de xestións de servizos públicos, tal como ven afirmando reiterada xurisprudencia (Sentencia do Tribunal Supremo de 6 de maio de 1999, entre outras moitas), que se debería formalizar a través de concesión administrativa, por esixilo así o artigo 158.2 da L.C.A.P., ao levar incluída a execución de obras.

O fundamento da anterior afirmación atópase na propia L.B.R.L. que no seu artigo 85.1 sinala que son servizos públicos locais cantos tenden a consecución dos fins sinalados como de competencia das entidades locais, xa que neste caso o servizo de aparcamento público mantén unha evidente conexión coa competencia municipal sobre a “ ordeación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas”, (artigo 25.2.b de dita Lei).

Exame da petición e procedemento para a súa tramitación.-

A petición refírese , como xa se indicou, a que “se teñan por presentados os proxectos dos referidos parkings e a o interese da mercantil peticionaria na súa construción e explotación”.

En relación con esta petición o referido artigo 158 da L.C.A.P. establece dentro do seu título II, “ do contrato de xestións de servizos públicos” o seguinte:

1.“Todo contrato de gestión de servicios públicos irá precedido de la aprobación del pliego de cláusulas administrativas particulares y del de prescripciones técnicas, especificando el régimen jurídico básico regulador del servicio a que se refiere el artículo 155 y los Reglamentos especiales reguladores del mismo, así como los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo y, en su caso, las tarifas que hubieren de percibirse de los usuarios, los procedimientos para su revisión , iy el canon o participación que hubiera de satisfacerse a la Administración, cuando así procediera.

2.En los contratos que comprendan la ejecución de obras la tramitación del expediente irá precedida de la elaboración y tramitación administrativa del anteproyecto de explotación y de las obras precisas, con especificación de las prescripciones técnicas relativas a su realización. En tal supuesto serán de aplicación los preceptos establecidos en esta Ley para la concesión de obras públicas.”

Parece evidente, pois, que o procedemento será o previsto no novo título V da L.C.A.P., sendo supletorio unicamente, o R.S.

O fundamento legal da petición atópase no artigo 222 da L.C.A.P. que sinala que a iniciativa para iniciar o procedemento poderá corresponder á propia Administración, pero tamén a outras Administracións ou a instancia de persoas naturais ou xurídicas que se proponñan construír e explotar unha obra das reguladas na Lei, sempre que o solicitante , ademáis de cumprir os requisitos xerais establecidos nela, acompañe á súa petición do correspondente estudio de viabilidade previsto no artigo 227 seguinte, co contido previsto no apartado 2 de dito artigo. Esta solicitude iniciará o procedemento establecido en dito artigo.

Por iso dentro das actuacións previas á decisión da Corporación será preciso sempre a realización dun estudio de viabilidade da proposta (artigo 227) e que deberá ser sometido a información pública polo prazo dun mes previamente a que a Corporación examine a petición e considerando a necesidade do seu establecemento e a conveniencia para os intereses xerais a admita ou rechace.

A competencia da Corporación para adoptar esta decisión atopa o seu fundamento no artigo 123.1.k da (L.B.R.L.) que sinala como unha das súas atribucións, a determinación das formas de xestión dos servizos, que é

o que está en cuestión neste caso: establecer a forma de xestión dos parkings cuia construción e explotación se propón a través de xestión indirecta.

Posteriormente a resolución do expediente corresponderíalle xa a Xunta de Goberno Local, (artigo 127 da L.B.R.L.).

En canto ao contido do estudio de viabilidade, o establece tamén o referido artigo 227.2 que sinala que dito estudio deberá contar con, alomenos , os datos, análise, informes ou estudos que procedan sobre os puntos seguintes:

- a).- Finalidade e xustificación da obra , así como, definición das súas características esenciais.
- b).- Previsións sobre a demanda de uso e incidencia económica e social da obra na súa área de influencia e sobre a rentabilidade da concesión.
- c).- Valoración dos datos e informes existentes que fagan referencia ao planeamento sectorial, territorial ou urbanístico.
- d).- Estudio de impacto ambiental cando éste sea preceptivo de acordo coa lexislación vixente. Nos restantes casos, unha análise ambiental das alternativas e as correspondentes medidas correctoras e protectoras necesarias.
- e).- Xustificación da solución elixida , indicando , entre as alternativas consideradas si se tratara de infraestructuras viarias ou lineais, as características do seu trazado.
- f).- Riscos operativos e tecnolóxicos na construción e explotación da obra.
- g).- Custo da inversión a realizar, así como o sistema de financiación proposto para a construción da obra ou a xustificación, así mesmo, da procedencia desta.

Unha vez aprobado o estudio de viabilidade a Administración concedente poderá acordar a elaboración do correspondente anteproxecto de obras que deberá conter como mínimo, a documentación contida no artigo 228.2 L.C.A.P. e que tamén deberá someterse a información pública polo prazo dun mes.

Exista anteproxecto, ou non, a continuación a Administración deberá elaborar o proxecto de obra e proceder ao seu replanteo, que se someterá a información pública polo prazo dun mes se non se houbese redactado o referido anteproxecto, (artigo 229) .

Por último se elaborará e aprobará o prego de cláusulas administrativas particulares , (artigo 230) e se incorporará ao expediente a demáis documentación a que se refire o artigo 158 da L.C.A.P. e se convocará a licitación (artigo 231) .

En canto á redacción do proxecto e no seu caso do anteproxecto, o Concello poderá facelo a través dos seus propios servizos técnicos, encargar a súa redacción a facultativo competente por medio dun contrato de asistencia técnica ou tamén sería factible convocar un concurso de proxectos , en cuio caso ao gañador poderíasele ofrecer adquirilo mediante pago da cantidade que se fixe nas bases ou obrigar ao que resulte adxudicatario do contrato a aboar o seu importe, (artigo 118 R.S.).

O referido precepto contemplaba tamén unha terceira posibilidade que era concederlle ao gañador o dereito de tanteo sobre a adxudicación, que entendemos queda anulada polo previsto no artigo 11.1 da L.C.A.P. que esixe que os contratos das Administracións Públicas se axusten aos principios de publicidade e concurrencia.

En conclusión, considero o que subscribe que neste intre non procede aprobar tecnicamente o anteproxecto de obras presentada pola mercantil solicitante, porque a redacción de dito documento correspóndelle ao Concello e ademáis porque significaría adquirir compromisos e limitacións para cando se redactase o proxecto. Isto sen prexuízo de que a proposta poda ser utilizada polos facultativos encargados de redactar o proxecto e o anteproxecto no seu caso.

Polo contrario, os servizos técnicos municipais deberán comprobar se a documentación anexa á petición contén os datos, análise, informes e estudos necesarios para poder considerala como o estudio de viabilidade a que se refire o artigo 227.2 da L.C.A.P., recabando ao peticionario, no caso contrario, a documentación complementaria necesaria.

Posteriormente o estudio de viabilidade someterase a información pública por prazo dun mes e a informe da Comunidade Autónoma no mesmo prazo ao non figurar a obra incluída no Plan Xeral (artigo 227.3), previamente a sometelo a coñecemento da Corporación, que será a que admita, ou non, a proposta, que en todo caso considerárase desestimada se non a contestasen no prazo de tres meses.

Se a proposta fose admitida iniciárase o expediente de contratación con arranxo ao previsto na Lei L.C.A.P.

Dáse conta tamén do informe emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, con data 15.02.05, que di o seguinte:

En data 4 de xaneiro de 2005 o Sr. Secretario Xeral do Pleno remitiu ao Servizo de Vías e Obras documentación relativa a tres distintos aparcadoiros subterráneos nas rúas Areal, Gran Vía e Policarpo Sanz, a fin de que sean emitidos os correspondentes informes técnicos e xurídicos.

En data 8 de febreiro de 2005, o xefe dos servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais emite o informe que obra no expediente. En dito informe , e tralas consideracións de carácter xurídico que nel se atopan, conclúese que o anteproxecto debe ser redactado , si se considerara preciso, pola Administración, e que a iniciativa particular o único que debe presentar son os estudos de viabilidade co contido previsto no artigo 227.2 da L.C.A.P.

Examinada a documentación aportada comprobouse que non pode considerarse como estudos de viabilidade , de acordo co que establece o citado artigo 227.2 , toda vez que se fai referencia unicamente ao primeiro dos sete puntos dos que debe constar.

Polo exposto, deberá comunicarse á mercantil peticionaria que para poder tramitar a súa iniciativa deberá presentar un estudio de viabilidade de cada un dos aparcadoiros que se propoñen co contido previsto no referido artigo 227.2.da L.C.A.P.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Denegar expresamente os anteproxectos que presenta PROMOCIONES MECANOSA S.L. para a construción de aparcadoiros subterráneos públicos na rúas Gran Vía, Areal e Policarpo Sanz.

2º.- Comunicar á mencionada empresa que a construción de novos aparcadoiros subterráneos públicos se efectuará de acordo con estudos do propio Concello.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

30(195).- SOLICITUDE DE LICENCIA DE NEMOMANÍA, S.L., PARA CAFÉ BAR CON MÚSICA NA RÚA AREAL. EXPTE. 27190/422.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Actividades de data 17 de febreiro de 2005, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Con data do 12/12/03, don Fabian Torres Figueroa en nome e representación da sociedade mercantil NEMONIA, S.L., solicitou licenza municipal de ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS para un CAFE BAR CON MUSICA no local situado AREAL(RUA) N° 20, BAIXO, VIGO, (expte. 27190/422).

Con esta data, 01/03/04, a peticionaria solicitou tamén a correspondente licenza de obras de reforma de local para a actividade (expte. 49483/421). Ditos procedementos estanse a tramitar simultaneamente de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en relación co artigo 22.3. do Regulamento de servicios das corporacións locais e Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D: 2414/1961, de 30 de novembro) – en adiante RAMINP-.

Examinado o procedemento de licenzas de actividades e instalacións (expte. 27190/ 422) e informes técnicos obrantes neste resulta que:

- a) No dito establecemento consta unha licenza de actividade para restaurante sen música concedida por resolución de data 26/06/2003 a favor da entidade Frades Arenal, S.L. –expte. 18487/422- e transmitida á peticionaria da licenza por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/12/2004 (expte. 28567/422).*
- b) O expediente para a actividade de café bar con música someteuse a información pública por termo de VINTE DIAS mediante a inserción de edicto no BOP núm. 73, do luns 19/04/2004, con notificación persoal aos veciños inmediatas segundo informe emitido pola Policía Local presentándose escritos de alegacións opoñéndose á concesión das licenzas polos motivos que consta nestes e que de modo sucinto se indican:*
 - Feliciano Pérez Lama (doc. 40037429/04), oponse a concesión da licenza para bar con música xa que se trata de edificacións antigas que non teñen o illamento preciso polo que sería imposible descansar nas vivendas.*
 - Rafael Fernández Charro como secretario administrador da Cdad. de Propietarios da rúa Areal 20, opónse a concesión das licenzas polas molestias que os ruidos que dito local pode causar afectando a vida diaria das familias residentes.*
 - María José Tomé Rey (doc. 40039231/04), oponse a concesión das licenzas para bar con música polos mesmos motivos de emisión de ruidos, funcionar ata altas horas da madrugada coa conseguinte imposibilidade de descansar nas vivendas.*

- Germán Arteta Torres, que reside na 2ª planta da rúa Areal 20, (doc. 40042943/04), oponse á concesión da licenza pola emisión de ruidos. Indica tamén que a edificación ten vigas de madeira e que de conformidade coa Ordenanza municipal "nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira, e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente encima do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican o funcionamento dentro do horario nocturno que se especifica na mencionada táboa 4 do manual de procedementos, excepto os bares, cafeterías, restaurantes ou semellantes que non contén con equipo de reprodución sonora".

As alegacións presentadas foron incorporadas ao expediente conforme co previsto no artigo 30.b) do RAMINP para que foran tidas en conta ao evacuar os correspondentes informes técnicos.

- c) Con data do 27/07/2004, a arquitecta municipal informou de que se solicita licenza para a legalización da actividade de café bar con música no local situado na planta baixa do edificio núm. 20 da rúa Areal. O edificio non catalogado inclúese no cuarteirón 13 do ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificacións, conxuntos e elementos a conservar –PEEC I-12 , aprobado definitivamente o 25/10/1990, en solo urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada área central. A actividade solicitada no local inclúese entre os usos permitidos pola dita ordenanza de acordo co establecido no epígrafe 8.4.1.f) das normas urbanísticas sobre condicións de uso da ordenanza 1.1.B. A actividade será permisible sempre que as obras se axuste ao proxecto presentado. Na memoria constructiva do proxecto visado o 19/07/04 indícase que o falso teito "...anclado a estrutura protante primaria realizada con forxado catalán de argamasa con vigas portantes de madeira de castiñeiro, modificándose previa a esta legalización..." do que se deduce que se trata un forxado mixto. En relación ás medidas de seguridade propostas, non existe inconveniente en acceder ó solicitado. O aforo máximo autorizado é de 88 persoas.- A superficie do local –segundo informe da mesma data obrante no expte. de obra núm. 49483/421- é de 248,90 m², dos que 56,97 m² corresponde á planta semisoto, 136,48 m² á planta baixa e 55,45 m² á entreplanta.

- d) Con datas do 27/08/04 (doc. 40088669/04) e 28/09/04 (doc. 40098543/04), Rafael Fernández Charro como Secretario Administrador da Cdad. de Propietarios da rúa Areal 20, presenta escritos indicando que:

"Non obstante a inspección de oficio dos servizos municipais, queremos resaltar que o local, na súa separación coa planta superior, está constituída dun forxado de madeira, e que a vivenda superior está adicada a vivenda, polo que non se pode autorizar a instalación da actividade de café bar con música, tal e como establece a Ordenanza municipal contra a contaminación acústica".

Asimesmo, achega acta notarial con copia de informe elaborado polo arquitecto técnico José Miguel Correa Pazos onde se especifica que o solo da primeira planta é de madeira polo que, solicita, que se fagan as inspeccións oportunas e se denegue a autorización da licenza de actividade.

- e) O enxeñeiro técnico industrial con data do 17/11/2004, informou:
 1. A actividade solicitada está incluída dentro dos usos permitidos pola ordenanza 1.1.B. de aplicación na zona de emprazamento.
 2. A instalación industrial que se proxecta reúne as condicións técnicas e regulamentarias precisas, xustificándose as medidas correctoras necesarias de acordo coa natureza da actividade a desenvolver.
 3. A potencia total instalada en forza: A) para o desenvolvemento da actividade é de 5,83 CV en máquinas con motor e de 5,85 Kw. noutros receptores eléctricos; B) para servizos do local (climatización e ventilación) é de 9,31 CV en máquinas con motor e de ningún Kw. noutros receptores eléctricos.
 4. Xustifícanse illamentos suficientes para cumprir cos límites de transmisión de ruidos permitidos pola ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións (OMRV).

En canto á natureza do forxado de separación coa vivenda superior ratificámonos ao informado ao respecto no informe da arquitecta municipal de data 27/07/04, no sentido de que se trata dun forxado mixto de argamasa

con vigas portantes de madeira. Así mesmo, en anexo ao proxecto de obras do local sobre cumprimento do artigo 15.3 da OMRV, de data de visado 30/07/04 e firmado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, vólvese a indicar sobre o anteriormente indicado. Non obstante, en data 23/09/04, a comunidade de propietarios do edificio presenta un acta notarial con informe pericial no que se pon en cuestión a comaposición de dito forxado.

Antes da posta en marcha da actividade, presentaranse medicións sonométricas acreditativas do illamento acústico acadado no local, de acordo co disposto ao respecto no Manuel de Procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos, para a súa valoración utilizará o nivel global de illamento acústico estandarizado con ponderación A (Dnta), que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas.

f) Con data do 1/12/2004 (doc. 40122581/04), Miguel Rocafort Lorenzo en nome e representación de dona María Trinidad Rivero López Niño con domicilio en rúa Areal, 20, 2º piso, persoase no expediente como interesada e solicita examinalo expediente e realizar as copias correspondentes. Ponse a súa disposición o exame do expediente e remítenselle fotocopias.

g) Con data do 3/12/04 (doc. 40123775/04), Rafael Fernández Charro como secretario administrador da Cadad. de Propietarios da rúa Areal 20, achega novo informe do arquitecto técnico d. José Miguel Correa Pazos, que complementa e amplía o anterior remitido.

h) Con data do 3/01/2005 (doc. 50000321/05), don Fabian Torres Figuera achega acta notarial sobre calicata realizada que incorpora informe do arquitecto, Alberto Cameselle Lago, sobre a existencia de placa de formigón armado.

i) Tras requerimento da Xerencia de data 20/01/2005, para verificar a natureza da placa de formigón existente e de que se achegue a documentación técnica das distintas capas existentes na separación entre o local e a vivenda superior, de acordo cos resultados das catas realizadas desde o local e desde a vivenda o petionario achega documentación en data do 11/02/05 a cal foi informada polo enxeñeiro técnico industrial con data do 14/02/05 nos seguintes termos:

"En data 3/01/05, Fabian Torres Figuerora aporta acta notarial que inclúe informe do arquitecto D. Alberto Cameselle Lago sobre cata realizada desde o local no teito do mesmo, esta realizase retirando soamente o falso teito acústico e deixando ao descuberto o forxado do local. Ao obxecto de poder determinar sin ningún xenero de duda a verdadeira natureza do forxado existente entre o local e a vivenda superior, procedeuse a efectuar unha nova cata no local, profundizando no interior da placa, aportando o arquitecto D. Alberto Cameselle Lago novo certificado onde se pon de manifesto que se trata dun forxado de viguetas e bovedillas de formigón de 10 cm de canto. Extremo que se puido comprobar na visita realizada ao local polo técnico que subscribe.

Asimesmo, en data 11/02/05, apórtase documentación reformada do proxecto de obras de acondicionamento do local tendo en contra os resultados da cata realizada que inclúe o estudo xustificativo do illamento acústico.

Xustifícase o cumprimento da Ordenanza Municipal sobre Ruidos e Vibracións.

Unha vez rematadas as obras e antes da posta en marcha da actividade, presentarase medición sonométricas acreditativas do illamento acústico acadado no local, de acordo co disposto ao respecto no Manuel de procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos. Para a súa valoración utilizarase o nivel global de illamento acústico estandarizado con ponderación A (Dnta), que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ao patio posterior ".

j) A inspectora do Laboratorio Municipal, en data 15/02/2005, emite informe favorable desde o punto de vista hixiénico sanitario. Non obstante, a definitiva licenza de actividade queda condicionada á inspección qe se efectuará para dar cumprimento ao artigo 34 do RAMINP.

II. Dereito.-

As obras de adaptación e actividade solicitadas están suxeitas a licenza conforme ó establecido no artigo 194°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10º do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e apartado 3.8.1 das normas Urbanísticas do PXOU vixente e e RD 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas (RXPEPAR).

A presente petición de licenza de actividade tramítase conforme ao procedemento previsto no artigo 29 e seguintes do RAMINP en relación co RXPEPAR e Regulamento de disciplina urbanísticas de Galicia (D. 28/1999).

As alegacións, reclamacións e observacións presentadas foron incorporadas ó expediente conforme ó previsto no artigo 30.b) do dito regulamento para que foran tidas en conta ó evacuar os correspondentes informes técnicos.

As licenzas urbanistas –entre as que se inclúe a de actividade- teñen por obxecto comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e se as obras e usos proxectos reunen as condicións precias de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade –artigo 194°.1. da LOUGA-. Ademáis tratándose dunha actividade subxeita ao RAMINP se se cumpren coas condicións esixibles de protección ambiental.

Os técnicos municipais emiten informes favorables á petición de licenza proxectada, o local cumpre coa normativa urbanística, de seguridade, salubridade, accesibilidade e acústica esixible.

O local emprázase en solo urbano do PXOU –93 vixente, cualificado coa Ordenanza 1.1.B. do ámbito do PEEC, onde se permite o uso de "lugares de reunión" no que se encadra a actividade solicitada ata 250 m2 e o local proxectado para a actividade é de 248,90 m2 de superficie construída, polo que axústase ao ordenamento urbanístico.

Cumple coas medidas de seguridade esixibles –informe técnico de data 27/07/04-, salubridade –informe do Laboratorio Municipal de data 15/02/05- e de protección contra a contaminación acústica coa adopción das correspondentes medidas correctoas segundo informa o enxeñeiro técnico industrial en datas 17/11/04 e 14/02/05.

Respecto das alegacións presentadas –forxado de madeira- cómpre sinalar que conforme ao artigo 15.3. da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, aprobada polo Concello-Pleno en sesión do 28/07/00 –BOP de Pontevedra 198, do luns 16/10/00- NON PERMITE a actividade solicitada en locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente encima do local sexa o residencia ou vivenda.

Neste sentido cómpre sinalar que, sen prexuízo de que puidera existir un forxado de madeira, segundo se desprende do informe do enxeñeiro técnico municipal de data 14/02/05 e documentación obrante no expediente, cando menos tamén existe un FORXADO DE FORMIGON extremo que foi comprobado polo dito enxeñeiro industrial municipal segundo se indica no mencionado informe que textualmente dí:

"(...)Al objeto de poder determinar sin ningún género de duda la verdadera naturaleza del forjado existente entre el local y la vivienda superior, se ha procedido a efectuar nueva cata en el local, profundizando en el interior de la placa, aportando el arquitecto D. Alberto Cameselle Lago nuevo certificado donde se pone de manifiesto que se trata dun forxado de viguetas y bovedillas de hormigón de 10 cm de canto. Extremo que se

*ha podido comprobar en visita realizada al local por el técnico que suscribe.
(...)"*

Polo exposto, coa existencia do mencionado forxado de formigon como se comprobou polo técnico municipal, a xuízo do que suscribe, non estaríamos no suposto de non permisibilidade para a actividade solicitada.

Ademáis, segundo informes emitidos xustifícase o cumprimento da dita ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións de forma que non trascenderán as vivendas niveis superiores aos permitidos pola dita ordenanza e o expediente será sometido ao trámite de cualificación da actividade aos efectos de avalicación de incidencia ambiental ante o órgano autonómico correspondente de conformidade co previsto no artigo 31 e seguintes do RAMINP, artigo 4.3. da Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica en relación coa Lei 1/1997, de 2 de xaneiro, de protección ambiental en Galicia.

A este respecto, NON SE permitirá a posta en funcionamento da actividade de conformidade co previsto no artigo 4.5. da citada Lei 7/1997 en relación co D. 156/1995 de Inspección Ambiental (DOG 5/6/95), Ordenanza municipal citada sobre ruído e vibracións aprobada polo Concello Pleno en sesión do 28/07/00 (BOP 16/10/00) ata tanto non se verifique o cumprimento da normativa de protección contra a contaminación acústica que se xustifica no proxecto aportando e conforme ás determinados do informado polo enxeñeiro técnico industrial en data 14/02/05:

"Unha vez rematadas as obras e antes da posta en marcha da actividade, presentará medicións sismométricas acreditativas do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto ao respecto no Manuel de procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos. Para a súa valoración utilizarase o nivel global de illamento acústico estandarizado con poderación A (Dnta) que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ao patio posterior."

Conforme ao prevenido no decreto estatal D.2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o RAMINP, en vista dos informes técnicos favorables e os fundamentos que se recollen no presente informe, tendo en conta que o uso do solo proxectado se axusta ó ordenamento urbanístico e reúne as condicións esixibles de seguridade e salubridade, e protección contra a contaminación acústica, de conformidade co previsto no artigo 30.2.c) e 31 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D. 2414/1961 do 30 de novembro), artigos 195º.2. da Lei 9/2002 antes citada, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, proponse a adopción da seguinte resolución..."

A seguir o xefe da oficina administrativa de Actividades emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas no concelleiro delegado de Urbanismo, que se abstén na votación deste acordo, por acordo da Xunta de goberno Local de data 5 de xaneiro de 2004.

Segundo.- Emitir informe favorable, sempre e cando as obras e instalacións se axusten ó proxecto presentado --exped. de petición de licenza de obra núm. 49483/421--, se conceda simultaneamente a licenza de obras e de actividades e instalacións de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en

relación co 22.3. do Regulamento de servicios das corporacións locais e de conformidade cos fundamentos de feito e dereirto que se recollen na parte expositiva desta resolución, a petición tramitada a instancia de don Fabian Torres Figueroa en nome e representación da entidade NEMOMANIA, S.L., na que solicita licenza municipal de ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS para un CAFE BAR CON MUSICA (PUB) no local situado en AREAL(RUA) Nº 20, BAIXO, VIGO, ao abeiro do establecido no artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (D.2414/1961 de 30 de novembro), e, polo tanto, o emprazamento proposto, o tipo de actividade e as circunstancias que concorren na instalación, están de acordo cos plans, ordenanzas e regulamentos que rexen na materia, e sen que a instalación repercuta na sanidade ambiental.

Terceiro.- Remitir o expediente á DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA para a súa CUALIFICACIÓN.

31(196).- CONTRATACIÓN DE MONITORAS DO SEGUNDO CUATRIMESTRE DO PROGRAMA DE CURSOS “EU TAMÉN SEI 2004-2005”. EXPTE. 1958/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 10.01.05, conformado pola concelleira delegada de dito departamento, o concelleiro de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 69660.- euros, con cargo ó AFUT número 28958 da partida 463.2.226.06.00 do presuposto vixente, para facer fronte ós gastos dos cursos ao abeiro do disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica, de conformidade co previsto nos art. 56 e 201 do Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se refunde o texto da Lei de contratos das administracións públicas e ó artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei 2004-2005”, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2004, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos do programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei”, con:

- Helena Pérez Posada (1) NIF: 36.121.129 C
Curso: Perfeccionamento á percusión e canto tradicional
Horas: 15 horas.
Vogalías: Casco Vello e AC Xestas
Prezo hora: 33 euros. Contía: 990.-euros

- Mónica Bar Cendón (2) NIF: 36.048.101 V
Curso: Ximnasia terapéutica e amena

Horas: 15 horas
Vogalías: Cabral-Feira e Fonte do Galo
Horas: 30 horas
Vogalía: Salgueira
Prezo hora: 33 euros. Contía: 1.980.- euros

• Pilar Martínez Neira (5,6,7) NIF 35.990.179 D

Curso: A masaxe terapeutica
Horas: 30 horas
Vogalías: Camiño Vello
Horas: 45 horas
Vogalía: AM Accedo
Prezo hora: 33 euros. Contía: 2475.-euros

• Gabinete de Sicoloxía Ograma,S.C (10) CIF G-36.923.837

Curso: A solución de conflitos
Horas: 15 horas
Vogalía: Sordos
Prezo hora: 24 euros. Contía: 360.- euros

• M^a Carmen Lamas Estévez (12) NIF 34.605.370 F

Curso: Retacería artesá
Horas: 15
Vogalías: San Paio Navia e Val do Fragoso
Curso: Pintura sobre tecidos
Horas: 15
Vogalías: Alcabre
Prezo hora: 33 euros. Contía: 1.485.-euros

• Andrea L. Digiorgio Breard (13) NIF 36.172.943 S

Curso: Restauración de mobles
Horas: 15
Vogalías: Cto. Victoria
Curso: Tapicería e outros complementos
Horas: 30 horas
Vogalía: Valladares
Prezo hora :33 euros. Contía: 1485.-euros

• Marisol Rodríguez Fernández (16) NIF 36.088.127 T

Curso: Tai-chi ximnasia china para a saúde e a lonxevidade
Horas: 15
Vogalías: San Miguel de Oia, Outeiro, Unión e Amistade e El Olivo
Horas: 30 horas
Vogalías: Helios e As Nosas Rúas
Prezo hora: 33 euros. Contía: 3960.-euros

• Mónica Calvo Serrano (17) NIF 36.083.616 C

Curso: Habilidades sociais
Horas: 15 horas
Vogalías: San Roque e Casa das Mulleres
Curso: Adestramento da memoria
Horas: 30 horas

Vogalía: Sárdoma
Curso: Aprender a vivir
Horas: 45 horas
Vogalías: Doutor Fleming
Prezo hora: 33 euros. Contía: 3. 465.-euros

• Josefina Alonso Alonso (32) NIF X-0235451 T
Curso: Arranxo floral outonal e de nadal
Horas: 15
Vogalías: Camiño Vello
Prezo hora: 33 euros. Contía:495.-euros

• Van divulgación cultural,S.L (33) NIF B-36.917.201
▪ Nome monitora: Loreto Raya González
Curso: Vigo e o mar
Horas: 30 horas
Vogalías: San Pelaio de Navia
▪ Nome monitora: Beatriz Ojea Martínez de la Escalera
Curso: Tardes de cine
Horas: 30 horas
Vogalía: Lavadores
Nome curso: Mulleres pintoras
Horas: 15
Vogalías: Casa das Mulleres
Curso: Descubre a natureza de Vigo
Horas: 15 horas
Vogalía: Amigos do Rocio
Horas: 30 horas
Vogalía: Alcabre
Prezo hora: 33 euros. Contía: 3960.-euros

• Susana López Coronado Carnero (35) NIF 36.071.856 J
Curso: O que deberíamos saber, pero ninguén nos contou
Horas: 15
Vogalías: Dorna e Casa das Mulleres
Prezo hora: 33 euros. Contía: 990.-euros

• Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (37)
CIF G-36.617.082
Nome monitora: Ana M^a García Rodríguez
Curso: Ximnasia para mulleres de idade avanzada
Horas: 15
Vogalías: Valladares
Horas: 30 horas
Vogalía: Bouzas
Prezo: hora 33 euros. Contía: 1485.-euros

3º.- Contratar polo procedemento negociado previsto no apartado b) do artigo 210 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e segundo o previsto nas bases da Convocatoria e no prego de condicións administrativas tipoque forma parte da mesma, con:

- Asociación de Mulleres Monitoras (14,23) NIF G-36.777.613
 - Nome monitora: M^a Pilar Fernández Pérez

Curso: Taller de memoria
Horas: 15 horas
Vogalía: AM Accedo e Salgueira
 - Nome Monitora: M^a José Tarrío Aba

Curso: A arte floral para o nadal
Horas: 15
Vogalías: CCR Cabral e Freixeiro
 - Nome Monitora: M^a Mar Fernández González

Curso: Decoración do fogar
Horas: 15 horas
Vogalías: Zamáns
 - Nome Monitora: M^a Mar Fernández González

Curso: Decoración do fogar
Horas: 30 horas
Vogalías: Agarimo
 - Nome Monitora: M^a Mar Fernández González

Curso: Tapicería do fogar
Horas: 30 horas
Vogalías: Casco Vello e CD Xestas
 - Nome Monitora: M^a Mar Fernández González

Curso: Inic. e perf. Do patchwork
Horas: 30 horas
Vogalía: AM Accedo
 - Nome monitora: Ana González Grande

Curso: Confección para decoración
Horas: 30 horas
Vogalía: O´Freixo
 - Nome monitora: Sandra Álvarez Riesgo

Curso: Ximnasia de mantemento e ximnasia suaves
Horas: 30 horas
Vogalía: Teis
 - Nome Monitora: Aurelia Costas Pumar

Curso: Tapicería do fogar
Horas: 15
Vogalías: Torrecedeira
 - Nome Monitora: Aurelia Costas Pumar

Curso: Decoración do fogar
Horas: 30 horas
Vogalías: Adiquerando e Fonte do Galo
 - Nome Monitora: Silvia Rocha Acuña e Marta Hermida Martínez

Curso: Expresión corporal e musicoterapia
Horas: 15
Vogalías: AM Lúa e Ponte Nova
 - Nome Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: Pintura en tea, seda, estencil
Horas: 15
Vogalías: Teis
 - Nome Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: Esmalte en frio
Horas: 15
Vogalías: Matamá
 - Nome Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: One-stroke multicarga do pincel

Horas: 15
Vogalías: AM R. Castro
Horas:30 horas

Vogalía: Outeiro e As Fontes
Curso: Marquetería de carey,etc
Horas: 15
Vogalías: As nosas rúas
Horas: 30 horas
Vogalía: San Xoan Poulou e AM Xestas
Prezo hora: 33 euros. Contía: 17820.-euros

- Aula Sísifo de Formación,S.L (29) CIF B-36.888.220
 - Nome monitora: M^a Josefa Gallego González

Curso: Artesanía do coiro
Horas: 30 horas

Vogalía: San Miguel de Oia

- Nome monitora: Patricia Comesaña Alvarez

Curso: Artesanía en coiro
Horas: 15

Vogalías: Lavadores

- Nome monitora: Sandra Graciela Verba

Curso: Autoestima-identidade-saúde
Horas: 15

Vogalías: AAA EPA

- Nome monitora: M^a Luisa Prado López

Curso: Corpo en movemento
Horas: 45

Vogalías: AM Bouzas e Pardavila
Horas: 30 horas

Vogalías: AM Abaris e Cto. Victoria

- Nome monitora: Rosa A. Araujo Hernández

Curso: Rutas monumentais por Galicia
Horas: 15 horas

Vogalía: Agarimo
Curso: As cidades galegas na historia
Horas: 30 horas

Vogalías: Beade

- Nome monitora: Rita Ibarreche Garza

Curso: Iniciación á fotografía en branco e negro
Horas: 15 horas

Vogalía: Ponte Nova

- Nome monitora: Consuelo Fernández Gonzáles

Curso: Electricidade na vivenda
Horas: 15

Vogalías: Casa das Mulleres e UNAE

- Nome monitora: Paula Gulias Vidal

Curso: Respostas na idade madura
Horas: 30 horas

Vogalías: Sampaio

- Nome monitora: Dolores Alonso Lorenzo

Curso: Coidados do corpo e masaxe relaxante
 Horas: 15
 Vogalías: San Xurxo
 Horas: 30 horas
 Vogalías: Matamá e Castrelos

 - Nome monitora: Ninoska Machín Martínez

Curso: Ioga
 Horas: 15
 Vogalías: Casa das Mulleres e AM R. Castro
 Horas: 45 horas
 Vogalía: Rúas e Fontes

 - Nome monitora: Leticia Cerqueiro Alvariña

Curso: Achégate ás artes orientais coa práctica do Tai-chi
 Horas: 15
 Vogalías: As Fontes e Zamáns
 Horas: 30 horas
 Vogalía: Torrecedeira
 Curso: Ioga para todas
 Horas: 15 horas
 Vogalía: Zamáns

 - Nome monitora: Karina Mouriño Espiñeira

Curso: Mosaicos
 Horas: 15
 Vogalías: Agarimo

 - Nome monitora: M^a Jesús Bendaña Rodríguez

Curso: A importancia do traballo mental e autoestima
 Horas: 15
 Vogalías: San Xoan Poulo
 Horas: 30 horas
 Vogalía: CC Cabral

 - Nome monitora: M^a Carmen Ledo Rodríguez

Curso: Iniciación á cestería
 Horas: 15
 Vogalías: Sárdoma e Castrelos
 Horas: 30 horas
 Vogalía: A Paz

 - Nome monitora: Angélica Lafuente Pérez

Curso: Tapicería
 Horas: 15
 Vogalías: Beade e AM Abaris

 - Nome monitora: Concepción González Mosquera

Curso: Técnicas de decoración e embellecemento de mobles e obxectos de madeira
 Horas: 15
 Vogalías: Bouzas
 Curso: Restauración de mobles e obxectos de madeira
 Horas: 30 horas
 Vogalías: San Roque e Saiáns

Contía: 25740.-euros”.

32(197).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE Dª OLGA ABALDE POSADA PARA ASISTENCIA AO CURSO “A XESTIÓN DOS FONDOS COMUNITARIOS” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 1000528/140.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Oficina de Persoal do 18.02.05, os documentos contables emitidos por Intervención Xeral e de conformidade co informe do xefe do Servizo de Inversións do 18.02.05, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar á funcionaria Olga Abalde Posada para que conclúa a súa xornada laboral ás 13,30 horas durante os días que teña lugar o curso de “A Xestión dos Fondos Comunitarios” (21, 22 ao 24 e 28 de febreiro e 1, 7 ao 9, e do 15 ao 17 de marzo), convocado pola Federación Galega de Municipios e Provincias, que se vai realizar en Santiago de Compostela, de conformidade co informe emitido polo departamento de Persoal de data 18.02.05.

2º.- Expedir orden de pagamento a xustificar a favor da mencionada funcionaria polo importe de 693,04 € comprensivo dos gastos de inscrición e locomoción, con cargo aos “RC” números 4470 e 4471 polo importe de 100 e 593,04 €.

33(198).- CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO DETECTADO NO IMPORTE GLOBAL DAS AXUDAS POR ESTUDIOS CON CARGO AO FONDO SOCIAL APROBADAS POR ACORDO DA X. GOBERNO DO 24.01.05. EXPTE. 15615/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 16.02.05, que di o seguinte:

Detectado un erro aritmético na cifra consignada por esta Unidade como importe global das axudas tramitadas por estudos con cargo ao Fondo de acción social, oportunamente aprobadas por acordo precedente da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2005, de tal xeito que o montante global ascende a 107.219 € e non 92.357 € como erróneamente se facía constar, procede dar por subsanado este erro ao aveiro do artigo 105 da lei 30/92 de RXAP e PAC, polo que se somete a consideración do órgano resolutor a seguinte proposta :

“ Dar por correxido o erro aritmético detectado no importe global das axudas por estudos con cargo ao Fondo de acción social, de tal xeito que o montante global ascende a 107.219 € e non 92.357 € como erróneamente se facía constar no acordo precedente de 24 de xaneiro de 2005, todo elo consonte ao disposto no artigo 105 da lei 30/92 de RXAP e PAC “ .

Acordo

A Xunta de Goberno dá por correxido o erro aritmético detectado, de conformidade coa precedente proposta.

34(199).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molaes Pérez.